



MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA 3

Cualificación e puntuación da documentación técnica contida nos sobres "A" (de documentación administrativa e criterios avaliábeis mediante xuízos de valor), e apertura dos sobres "B" (de criterios avaliábeis automaticamente: oferta económica e ampliación do prazo de garantía).

Na Casa do Concello de Riveira, sendo as onde horas e dez minutos do vinte de maio de dous mil dezanove, reúnese a Mesa de Contratación baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde Manuel Emilio Pérez Outeiral (providencia de delegación da data 20/05/2019), coa asistencia do secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, do interventor Pablo Bao Castro, da técnica de administración xeral de secretaria María Sieira Ríos, e do secretario da Mesa, o auxiliar administrativo da oficina de contratación Ángel Manuel Pena Romay, co fin de proceder á cualificación e puntuación da documentación técnica contida nos sobres "A" de criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor (referencias técnicas), e apertura dos sobres "B" (de criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas), daqueles licitadores que resultaron admitidos para a contratación que se indica a continuación:

<i>Obxecto</i>	Subministración e instalación de luminarias na beira litoral entre Palmeira e Aguiño.
<i>Orzamento de licitación</i>	Base Impoñible: 413.221,06 euros IVA 21%: 86.776,41 euros Orzamento total de licitación: 499.997,47 euros
<i>Valor estimado do contrato</i>	413.221,06 euros
<i>Prazo de entrega e instalación</i>	60 días naturais contados a partir da formalización do contrato.
<i>Procedemento</i>	Procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación.

Esta actuación está cofinanciada en un 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) mediante o Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020, actualmente integrado no Programa Operativo Plurirrexional de Europa (POPE).

O expediente de contratación, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, o prego de prescricións técnicas redactado polo enxeñeiro industrial Javier Regueira Miguéns, o prego de cláusulas administrativas particulares e o correspondente gasto, aprobáronse por acordo da Xunta da Goberno Local, na súa sesión celebrada na data 24/01/2019.

O anuncio de licitación enviouse o Diario Oficial da Unión Europea na data 25/01/2019 e publicouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data 25/01/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 28/02/2019, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación foron presentadas de forma completa, a través da Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira, as ofertas dos seguintes licitadores:

- 1.- Ferrovial Servicios, S.A.
- 2.- Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.
- 3.- Manuel Novoa Castro, S.L.U.

A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira e que conteñen a declaración responsable e a oferta técnica de cada un deles, realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 06/03/2019 dando o resultado seguinte:

LICITADORES PRESENTADOS	DECLARACIÓN RESPONSABLE
Ferrovial Servicios, S.A.	CORRECTA



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005815C00P5J8Q601W2M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/05/2019
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 30/05/2019
MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 30/05/2019
MANUEL EMILIO PEREZ OUTEIRAL-CONCELLEIRO DELEG. BENESTAR COMUNITARIO, PERSOAL EN FUNCIONES - 30/05/2019
ANGEL MANUEL PENNA ROMAY-AUXILIAR ADMINISTRATIVO CONTRATACION - 30/05/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2019 12:30:07

EXPEDIENTE :: 2018C_SU000002

Fecha: 30/11/2018

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	CORRECTA
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	CORRECTA

Realizada a dita apertura e despois dunha sucinta lectura da documentación técnica aportada por cada licitador, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 06/03/2019, acordou dar traslado da dita documentación contida nos mencionados arquivos aos servizos técnicos pertinentes para que emitan o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración avaliábeis mediante xuízos de valor que figuran na cláusula 17.A e na epígrafe L do Anexo I do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 13/05/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 06/03/2019, co detalle de proposta de puntuación que se recolle nas fichas individualizadas de cada oferta valorada. Neste informe indícase que tódolos licitadores presentaron a memoria técnica (non avaliábeis/excluínte) esixido no Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo.

A MESA DE CONTRATACIÓN, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA outorgar as puntuacións que se resumen no cadro** que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" **criterios avaliábeis mediante xuízos de valor en cada un dos lotes dos que é obxecto este contrato:**

Lote 1

Licitador	Puntos por programa de traballo
Ferrovial Servicios, S.A.	30
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	21
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	12

Lote 2

Licitador	Puntos por programa de traballo
Ferrovial Servicios, S.A.	30
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	21
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	11

Lote 3

Licitador	Puntos por programa de traballo
Ferrovial Servicios, S.A.	30
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	11

Lote 4

Licitador	Puntos por programa de traballo
Ferrovial Servicios, S.A.	30
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	21
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	12

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fai público o resultado anteriormente detallado, PROCEDENDO A CONTINUACIÓN Á APERTURA DOS SOBRES "B" **de criterios avaliábeis automaticamente (oferta económica e ampliación do prazo de garantía)**, dando o resultado seguinte:

Lote 1

LICITADORES	Prezo Base (sen IVE)	Puntos	Ampliación do prazo de garantía (en anos)	Puntos
Ferrovial Servicios, S.A.	37.132,86 €	29,26	8	32
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	36.037,85 €	34,20	8	32
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	35.075,07 €	38,00	8	32

Lote 2

LICITADORES	Prezo Base (sen IVE)	Puntos	Ampliación do prazo de garantía (en anos)	Puntos
Ferrovial Servicios, S.A.	52.664,88 €	26,98	8	32
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	48.366,52 €	38,00	8	32
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	49.746,36 €	34,96	8	32

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005815C00P5J8Q6O1W2M9 en la Sede Electrónica de la Entidad



FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/05/2019
 PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 30/05/2019
 MARIA SJEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 30/05/2019
 MANUEL EMILIO PEREZ OUTEIRAL-CONCELLEIRO DELEG. BENESTAR COMUNITARIO, PERSOAL EN FUNCIONES - 30/05/2019
 ANGEL MANUEL PENA ROMAY-AUXILIAR ADMINISTRATIVO CONTRATACION - 30/05/2019
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2019 12:30:07

EXPEDIENTE ::

2018C_SU000002
 Fecha: 30/11/2018
 Hora: 00:00
 Und. reg: REGISTRO GENERAL





Lote 3

LICITADORES	Prezo Base (sen IVE)	Puntos	Ampliación do prazo de garantía (en anos)	Puntos
Ferrovial Servicios, S.A.	236.937,69 €	27,36	8	32
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	218.668,23 €	38,00	8	32

Lote 4

LICITADORES	Prezo Base (sen IVE)	Puntos	Ampliación do prazo de garantía (en anos)	Puntos
Ferrovial Servicios, S.A.	54.295,71 €	23,94	8	32
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	47.504,64 €	38,00	8	32
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	53.642,11 €	25,84	8	32

Tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 21 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

A MESA DE CONTRATACIÓN, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA PROPOÑER Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN a adopción dos seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Subministración e instalación de luminarias na beira litoral entre Palmeira e Aguiño"**, do seguinte xeito:

Lote 1

Orde	LICITADORES	Puntuación sobres A	Puntuación sobres B	TOTAL FINAL
1	Ferrovial Servicios, S.A.	30	61,26	91,26
2	Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	21	66,20	87,20
3	Manuel Novoa Castro, S.L.U.	12	70,00	82,00

Lote 2

Orde	LICITADORES	Puntuación sobres A	Puntuación sobres B	TOTAL FINAL
1	Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	21	70,00	91,00
2	Ferrovial Servicios, S.A.	30	58,98	88,98
3	Manuel Novoa Castro, S.L.U.	11	66,96	77,96

Lote 3

Orde	LICITADORES	Puntuación sobres A	Puntuación sobres B	TOTAL FINAL
1	Ferrovial Servicios, S.A.	30	59,36	89,36
2	Manuel Novoa Castro, S.L.U.	11	70,00	81,00

Lote 4

Orde	LICITADORES	Puntuación sobres A	Puntuación sobres B	TOTAL FINAL
1	Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	21	70,00	91,00
2	Ferrovial Servicios, S.A.	30	55,94	85,94
3	Manuel Novoa Castro, S.L.U.	12	57,84	69,84



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005815C00P5J8Q601W2M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/05/2019
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 30/05/2019
MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 30/05/2019
MANUEL EMILIO PEREZ OUTEIRAL-CONCELLEIRO DELEG. BENESTAR COMUNITARIO, PERSOAL EN FUNCIONES - 30/05/2019
ANGEL MANUEL PENA ROMAY-AUXILIAR ADMINISTRATIVO CONTRATACION - 30/05/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2019 12:30:07

EXPEDIENTE ::

2018C_SU000002
Fecha: 30/11/2018
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **requirir a "Ferrovial Servicios, S.A."** que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar nos **lotes 1 (Pasarela de Insuela) e 3 (Parque e praia de Castiñeiras) e a "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L."** que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar nos **lotes 2 (Pasarela de Touro- Ameixida) e 4 (Porto de Aguiño)**, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciban a notificación dos correspondentes requirimentos, presenten no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Levantándose esta reunión pola Presidencia, e estendéndose a presente acta, que asinan dixitalmente os asistentes, e do que, como Secretario da Mesa, dou fe.



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005815C00P5J8Q6O1W2M9 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;"> JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/05/2019 PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 30/05/2019 MARIA SJEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 30/05/2019 MANUEL EMILIO PEREZ OUTEIRAL-CONCELLEIRO DELEG. BENESTAR COMUNITARIO, PERSOAL EN FUNCIONES - 30/05/2019 ANGEL MANUEL PENA ROMAY-AUXILIAR ADMINISTRATIVO CONTRATACION - 30/05/2019 <small>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2019 12:30:07</small> </p>	<p>EXPEDIENTE :: 2018C_SU000002 Fecha: 30/11/2018 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

